

A música é unha parte importante das nosas tradicións. A música tradicional transmitiuse durante séculos de xeración en xeración por vía oral como unha parte máis dos valores e da cultura dun pobo.

Coma todas as tradicións, vai evolucionando influenciada polos cambios na vida da xente e polas aportacións doutras músicas do mundo.

Agora podemos coñecer e transmitir esta música a través doutros medios: discos, canles de internet, televisión, radio ...

Comezamos bailando e cantando esta animada canción do grupo Fiandola:

<https://www.youtube.com/watch?v=aRYWIFntwNg>



A canción fala de RUMBA. Que é a rumba? Escribe a súa definición despois de consultar o dicionario:



Investigade nestas fontes, a ver que averiguades sobre o grupo musical:

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Fiandola>

<https://www.youtube.com/user/FIANDOLAFOLC/videos>

<https://www.youtube.com/watch?v=zs1e1XJoi-4>

Escribide un texto informativo sobre o grupo Fiandola.




Na entrevista que vistes no vídeo faise referencia a un importante edificio de Betanzos, cal?



Xa vos destes conta de que estamos a falar do lavadoiro público de As Cascas en Betanzos.

Sabedes onde está Betanzos? Sabedes algo deste edificio?

Situae Betanzos no mapa e tamén a vosa localidade:



Se queredes seguir tirando do fío de... Fiandola



CANTA, BAILA E GOZA

<https://www.youtube.com/watch?v=JxmfOgkSbLA>

<https://www.youtube.com/watch?v=fZ83671VzbM>

<https://www.youtube.com/watch?v=6At10g4UImE>

<https://www.youtube.com/watch?v=631-b07omIU>.

1. Podes continuar coñecendo as cancións do grupo Fiandola, na súa [canle de youtube](#) hai vídeos.
2. Podes coñecer mellor ao grupo [Fuxan os ventos](#), que foi moi importante no nacemento da nova música galega.
3. Tamén podes escoitar a música do grupo Astarot. Neste [vídeo](#) interpreta un poema de Rosalía.
4. Escoitar máis música interpretada por [Susana Seivane](#).
5. Visitar a páxina oficial das [Tanxugueiras](#).
6. Coñecer algo máis do teu grupo ou interprete favorito.